

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 16565-306

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ANIMAIS EXTRAVIADOS E ABANDONADOS, ATENCIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS, XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS, RESES MOSTRENCAS E OUTROS ANIMAIS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo.

Segundo.- O 8 de marzo de 2024 publicouse o anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións aos pregos nas datas 2 e 4 de abril de 2024, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- ("*As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas.*").

Cuarto.- Con data do 9 de abril de 2024 o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo emitiu informe en relación coas aclaracións solicitadas.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas e as súas respostas, de conformidade co informado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

- **Pregunta 1.-** "*A Memoria Técnica e Organizativa a incluír no SOBRE B ten algún número máximo ou mínimo de páxinas? Ten que ir con algún tipo de letra e/ou tamaño en concreto?*"

- **Resposta 1.-** Non.

- **Pregunta 2.-** "*No prego de Cláusulas Administrativas Particulares (pax. 12 punto 4º), en relación a acreditación dos principais servizos ou traballos de igual ou similar natureza que o obxecto do contrato realizados nos tres últimos anos, indica que:*



Entenderase que este último prazo remata o último día para a presentación de ofertas?. A dúbida en relación a este prazo que indican é si a relación anual e por conseguinte os certificados visados polo órgano competente, pode ser por anos naturais, é dicir, años 2021, 2022 e 2023 ou se os períodos anuais terían que ser: Marzo 2021 a febreiro 2022, Marzo 2022 a febreiro 2023, Marzo 2024 a febreiro 2024."

- Resposta 2.- Os tres últimos anos compútanse ata o último día da presentación de ofertas. Por tanto, se tal como sinala o anuncio de licitación o último día de prazo de presentación de ofertas é o 15/04/2024. Os tres últimos anos comprende a partir do 15/04/2021 e ata o 15/04/2024. Os servizos e traballos acreditados teñen que estar dentro dese período.

- Pregunta 3.- *"En la presentación de las proposiciones a través de la Plataforma de Contratación del Estado, en el sobre C, Apartado: Criterios, Porcentaje de reducción del precio del contrato, al acceder a esta opción indica poner el importe sin y con impuestos, ¿entendemos que dicho importe a indicar es el que resulta de aplicar el porcentaje de reducción ofertado e indicado en la Oferta Económica al importe de licitación?"*

- Resposta 3.- Si.

- Pregunta 4.- *"La Memoria Económica (pag.17) indica que en el sobre C ha de incluírse un presupuesto desglosado de los costes del servicio en relación directa con la oferta realizada. ¿Dicho presupuesto debe de ir en el mismo archivo que la oferta económica o ambos puntos deben ir en dos archivos por separado dentro del sobre C?"*

- Resposta 4.- O Prego de Cláusula Administrativas Particulares que rexe esta contratación, na Cláusula 13, na Cláusula 14.C) Sobre C, Anexo I Follas de Especificación do Contrato (FEC), apartado 6. B) Contido sobre C; regula a documentación a incluír no SOBRE C e NON ESIXE o dito presuposto que cita a memoria económica polo que NON É OBRIGATORIO NIN ESIXIBLE a súa presentación.

- Pregunta 5.- *"¿La solvencia económica/técnica, cumplimiento de obligaciones tributarias, etc, es decir, requisitos que se muestran en la visualización de requisitos en el Sobre A, se acreditan con la presentación del DEUC, y solo en caso de resultar la oferta mejor valorada, habría que acreditarla específicamente?"*

- Resposta 5.- Si.

- Pregunta 6.- *"Los distintos anexos a presentar en el sobre A, ¿deben ir en un único archivo o cada uno de ellos en archivos independientes?"*

- Resposta 6.- Pode presentar un arquivo ou varios, pero cada arquivo debe ir asinado dixitalmente. Non se deben unir arquivos asinados dixitalmente porque desaparece a sinatura dixital.

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2024 14:50	Páxina 2 de 3
16565-306	CSV: AHA149-464BA7-5651BD-PV2GWY-WTHUNJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 16565-306

de data 22 de xuño de 2023.

IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

- **"Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto para a contratación dos servizos de recollida de animais extraviados e abandonados, atención do Centro Municipal de recollida de animais abandonados, xestión de colonias felinas, reses mostrencas e outros animais de competencia municipal do Concello de Vigo.**
- **Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".**

A xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, P.A., a técnica de Administración Xeral (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Acordo de delegación competencial de data 22 de xuño de 2023) (sinatura dixital)

Dou fe, a secretaria do Goberno Local (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/04/2024 14:50	Páxina 3 de 3
16565-306	CSV: AHA149-464BA7-5651BD-PV2GWY-WTHUNJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		